

evolta



BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO SORTEO

<<DÚAS ENTRADAS PARA O FESTIVAL EMIGRASON>>

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA DO SORTEO

A empresa FINANCIERA MADERERA S.A. (Finsa), a través de EVOLTA, con domicilio en rúa Servicos centrais Carretera N-550, km. 57 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) e CIF A15005499, organiza con fins promocionais o sorteo de dúas entradas para o Festival EmigraSON (en diante, "Sorteo"). O sorteo é de ámbito estatal, a desenvolver a través de Instagram e para maiores de idade, de acordo co disposto no apartado de requisitos de participación.

2.-DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

O sorteo iniciárase o día 2 de febreiro de 2026 e finalizará o día 8 de febreiro de 2026.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

-Requisitos

A participación no concurso implica a aceptación incondicional e o respecto do disposto nas presentes Bases Legais.

Os requisitos de participación serán os seguintes:

- a) Poderán participar aquelas persoas que residan en España e sexan maiores de 18 anos.
- b) Só poderán participar aqueles participantes que teñan DNI/Pasaporte válido.
- c) Os datos persoais cos que se participe deberán ser veraces.

-Mecánica

- Os Participantes deberán seguir o perfil de @evolta_recicla e de @festivalemigrason en Instagram
- Dar «me gusta» á publicación.
- Comentar a publicación mencionando (etiquetando) a unha persoa.

4.- CONDICIÓN DO SORTEO

Entrarán a formar parte do sorteo todos aqueles usuarios cuxa participación cumpra cos termos fixados nas presentes bases legais.

evolta



EVOLTA nomeará ao gañador a través dunha mención e por mensaxe privada. No caso de que o premio outorgado fose rexeitado ou o participante seleccionado non cumpra os requisitos, EVOLTA pasará a comunicar ao suplente.

EVOLTA resérvase o dereito de non considerar como participación aqueles nomes utilizados que sexan indecorosos, propiedade de terceiros, que conteña marcas ou elementos protexidos, uso de perfís falsos ou en xeral que contraveñan o espírito do sorteo. Neste suposto, o usuario perderá o seu dereito de participación no sorteo.

5.- PREMIOS

O/A gañador/a obterá como premio:

- Unha entrada dobre para o festival de música EmigraSON que terá lugar en Bruxelas o vindeiro 27 e 28 de febreiro de 2026.
- Unha entrada dobre para os eventos que o festival organiza na cidade os días 27 e 28 de febreiro.

A celebración do sorteo, así como a concesión do premio quedan suxeitos á normativa fiscal vixente.

6.- ENTREGA DO PREMIO

O domingo 8 de febreiro do 2026 efectuarase o sorteo a través dunha aplicación de selección aleatoria, onde se incorporarán os nomes dos participantes que se axusten aos requisitos, para de xeito aleatorio escoller ao gañador do sorteo.

EVOLTA publicará na súa conta de Instagram o gañador do sorteo. O gañador recibirá tamén unha mensaxe privada desde un perfil administrador do perfil de EVOLTA. O gañador deberá aceptar o premio obtido e indicar os seus datos persoais para a xestión do premio a través do envío dun email ao correo electrónico facilitado na mensaxe privada ou contestando directamente o correo.

Se pasan 48 horas desde que se enviou a mensaxe e non contesta confirmando a recepción e conformidade co premio, pasarase ao suplente e no caso de que non responda confirmando a recepción e conformidade co premio, o mesmo quedará deserto.

7. LIMITACIÓNS

Se se evidenciase que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas Bases Legais, ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos e/ou certos, a súa participación considerárase nula e quedarán automaticamente eliminados e excluídos do Sorteo, perdendo todo dereito sobre os premios outorgados.

O premio entregado non será transferible nin susceptible de cambios, alteracións ou compensacións a petición dos participantes, non podendo ser modificado por calquera outro produto nin por diñeiro.

evolta



A empresa organizadora resérvase o dereito, no caso exista xusta causa e previa e oportuna comunicación en forma, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar este Sorteio.

Serán por conta do gañador/a as obrigas fiscais ou tributarias que a aceptación do premio lle puidesen supoñer, así como calquera outro gasto non incluído, de forma expresa, no apartado cinco destas bases legais.

Establécese un prazo de QUINCE (15) días naturais dende a data da concesión do premio, para efectuar calquera reclamación motivada. A empresa organizadora resérvase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características.

8. PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Nas redes da marca non se permitirán comentarios ou opinións cun contido que se considere inadecuado, que sexan ofensivos, discriminatorios ou que poidan vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios do dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar e á propia imaxe. A empresa non se responsabilizará dos danos ocasionados polos comentarios que fagan outros participantes no Sorteio que en calquera momento poidan ferir a sensibilidade do resto de participantes.

Calquera intento de entorpecer o bo desenvolvemento do concurso, sexa por intervención humana ou mediante un autómatas, dará lugar á descalificación inmediata do participante procedéndose á anulación da súa candidatura ou participación.

9. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, a empresa non se responsabiliza das perdas, roubos, retrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao desenvolvemento do presente Sorteio, así como tampouco do uso que faga o participante do premio. Tampouco asume responsabilidade algunha por ningún dano de calquera tipo que puidesen sufrir os participantes, gañadores ou terceiros.

A empresa non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización do Sorteio ou o desfrute total ou parcial do premio. No caso de que este Sorteio non puidese realizarse, ben por fraudes detectados nela, erros técnicos ou calquera outro motivo que non estea baixo o control da empresa e que afecte ao normal desenvolvemento do concurso, esta resérvase o dereito a cancelar, modificar ou suspender a mesma, incluíndo os sistemas web de participación.

10. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A empresa responsable do tratamento dos datos é a organizadora do Sorteio.

A información persoal conservarase de forma segura e co máximo coidado.

evolta



De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á súa libre circulación, cada participante, coa aceptación destas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación neste concurso puideran ser incorporados, no seu caso, a un ficheiro titularidade da empresa para tramitar a participación no concurso e para comunicarlle o premio no caso de que resultase gañador/a.

Os participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces e fanse responsables de comunicarlle á empresa organizadora calquera modificación dos mesmos. A empresa resérvase o dereito de eliminar do presente Sorteo a todo participante que facilite datos falsos.

11. CAMBIOS

A empresa organizadora resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida en que non menoscaben os dereitos dos participantes.